

EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 26 DE DECEMBRO DE 2013

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día vinte e seis de decembro deste ano, baixo a presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, e coa asistencia dos Ilmos. señores concelleiros DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA e DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ. Actúa como Secretaria a Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, dona María del Carmen Basadre Vázquez, e asisten á sesión á Vicesecretaria, dona María García Ferro, e a Interventora Xeral Municipal en funcións, dona Elva Anido Anido, as cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

ACTA.- Apróbbase a acta da sesión da Xunta de Goberno Local, correspondente ao día 18 de decembro de 2013.

ÁREA DE URBANISMO

1. LICENZAS URBANÍSTICAS.- Acórdase rectificar o acordo número 3/833 adoptado pola Xunta de Goberno Local na sesión do día 20 de novembro de 2013, polo que se concedía licenza para a realización de obras de reforma en planta primeira diáfana para tres vivendas (A, C e D), no edificio con licenza de obra número 797/81, sito na ronda da Muralla, número 188.

Acórdase conceder as seguintes licenzas urbanísticas: para instalación de ascensor no edificio sito na rúa san Eufrasio, número 38; para a ampliación de planta primeira no edificio con licenza 739/13 para uso administrativo como centro de traballo, no parque empresarial As Gándaras, rúa A, parcela U.2.; para a instalación dunha torre meteorolóxica temporal no parque empresarial As Gándaras, parcela T, rúa A; para a modificación de fosa de zurro, substituíndo os muros de formigón por unha impermeabilización *in situ*, como modificación de licenza de nave para cebadeiro de tenreiros e fosa de zurro con licenza 1402/2012, en solo clasificado como núcleo rural 16.4 Cambra, parroquia de San Xoán do Campo; e para parcelamento da parcela matriz co número do catastro 42, do polígono número 501, sita no núcleo rural 26.5 Vilachá, parroquia de Labio.

2. XESTIÓN.- Acórdase impoñerlles aos propietarios do inmovible número 42 da rúa Xulía Minguillón a sétima multa coerticiva, a reiteración da execución das obras ordenadas e das medidas de seguridade, así como a presentación de proxecto de rehabilitación do inmovible.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	30/12/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	PÁGINA	1/3



Acórdase declarar a situación de ruína técnica e urbanística do inmovible sito no número 7 da rúa Bolboreta.

Así mesmo, acórdase declarar a inadmisibilidade por extemporáneo do escrito presentado en relación co expediente contradictorio de ruína técnica e urbanística do inmovible situado no carril dos Fornos (Unidade edificatoria número 151408),

ÁREA DE ALCALDÍA, RECURSOS HUMANOS E PROTECCIÓN DA COMUNIDADE

3. PERSOAL.- Acórdase o recoñecemento de servizos extraordinarios realizados por persoal adscrito ao Servizo Electromecánico e Industrial, así como a aprobación da forma de compensación.

ÁREA DE ECONOMÍA, EMPRENDEMENTO, AUTÓNOMOS E EDUCACIÓN

4. CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.- Acórdase aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares, así como o gasto e a adxudicación por procedemento aberto para a contratación da obra de pavimentación do acceso ao núcleo de San Mamede dos Anxos, tramo igrexa de Conturiz- núcleo de San Mamede, parroquia de Conturiz, e a apertura do procedemento de adxudicación.

Acórdase a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto para a contratación da obra de estrutura sobre o Río Mera, e a apertura do procedemento de adxudicación.

Tamén se acorda a aprobación do prego de cláusulas administrativas particulares, así como do gasto e a adxudicación por procedemento aberto para a contratación das obras de rexeneración de pavimento en Rosende, e a apertura do procedemento de adxudicación.

Acórdase aprobar a prórroga, para o período que vai dende o 10 de decembro de 2013 ata o 9 de decembro de 2014, do contrato suscrito coa adxudicataria do servizo de axuda no fogar no Concello de Lugo.

5. FACENDA LOCAL.- Acórdase estimar o recurso presentado contra o acordo da Xunta de Goberno Local do día 8 de maio de 2013, polo que se estimou o recurso de reposición interposto contra a liquidación número 6017860 (1573/2012), xirada en concepto de taxa pola prestación de servizos urbanísticos e imposto sobre construcións, instalacións e obras, pola instalación dun aparcadoiro

Código Seguro de verificación:WBqOtYnKc+YxZ2rQOcsXXw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	30/12/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	WBqOtYnKc+YxZ2rQOcsXXw==	PÁGINA 2/3


WBqOtYnKc+YxZ2rQOcsXXw==

exterior de uso público na estrada da Coruña, 37, ao mostrar desconformidade coa valoración do presuposto de execución material.

Asinado pola Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Concelleira-Secretaria da Xunta de Goberno Local, María del Carmen Basadre Vázquez.

Código Seguro de verificación:WBqOtYnKc+YxZ2rQ0csXXw==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

FIRMADO POR	Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura	FECHA	30/12/2013
ID. FIRMA	afirma.pro	WBqOtYnKc+YxZ2rQ0csXXw==	PÁGINA 3/3

